



CASA DAS MULLERES DE VIGO

Programa de actividades setembro-decembro 2022

OBRADOIRO “HISTORIAS DE VIDA DAS MULLERES PARA XOGAR NO TEATRO”

- **Destinado a:** mulleres maiores de 18 anos.
- **Formadora:** Mariana Carballal.
- **Obxectivos:** descubrir un espazo de xogo, creatividade e expresión teatral que permita empregar o teatro como ferramenta ao servizo das historias de vida das alumnas. Fomentar a igualdade e o empoderamento das participantes a través da visibilización e recoñecemento das súas achegas e traballo realizadas ao longo da súa vida, empregando a actividade teatral, a expresión artística e dedicando un espazo e un tempo propio.
- **Descrición:** o teatro como ferramenta ao servizo das nosas historias de vida. Atoparnos no vivido para cantalo/falalo/sentilo/imaxinalo con e para as demais.
- **Contidos:**
 - Recoñecemento da experiencia. De onde vimos?
 - Descubrir ferramentas básicas do teatral
 - Actualizar e contextualizar o “noso proxecto”.
 - Improvisación e composición escénicas.
- **Duración:** 36 horas en 12 sesións
- **Calendario:** xoves, do 29 de setembro ata o 22 de decembro (agás o 8 de decembro por festividade) de de 18:00 a 21:00.

OBRADOIRO DE ESCRITA AUTOBIOGRÁFICA

- **Destinado a:** mulleres maiores de 18 anos.
- **Formadora:** Graciela Baquero.
- **Obxectivo:** tomar conciencia de que estamos habitadas por milleiros de relatos únicos, intransferibles, que fan que nos volvamos profundamente ricas.
- **Descrición:** obradoiro dirixido a todas aquelas mulleres que queiran ter a experiencia vital de contarse. Escribimos, non só representa revivir a nosa historia, apropiarnos das nosas experiencias, senón tamén recoñecemos.
- **Contidos:**
 - A actitude creativa: técnicas de desbloqueo
 - Como percibimos: a información dos sentidos.
 - O ritmo na escritura: a respiración dun texto.
 - Trama e estrutura da nosa historia: Que quero contar, que quero esconder.
 - Quen escribe?. Tipo de narradoras e narradores.
 - Creación de personaxes: os poboadores e as poboadoras da nosa historia.
 - Técnicas descritivas: paisaxe e acción.
 - O subconsciente e os sonhos: o mundo metafórico.
 - O monólogo interior e outras formas de contar.
 - Ten que parecer verdade: técnicas de verosimilitude.
- **Duración:** 20 horas en 10 sesións.
- **Calendario:** mércores, do 28 de setembro ata o 7 de decembro de 18:00 a 20:00 (agás o 12 de outubro por festividade).

Máis información:

Casa das Mulleres
Rúa Romil, 20
986 442 194
casadasmulleres@vigo.org
Luns a venres: 17:30-21:30

Concellería de Igualdade
Praza do Rei 1, 1º andar
986 810 284
ofi.muller@vigo.org
Luns a venres: 9:00-13:30





CASA DAS MULLERES DE VIGO

Programa de actividades setembro-decembro 2022

CURSO “INTRODUCCIÓN Á TEORÍA CRÍTICA FEMINISTA. APROXIMACIÓN AOS DEBATES CONTEMPORÁNEOS”

- **Destinado a:** mulleres e homes maiores de 18 anos.
- **Formadora:** Priscila Retamozo Ramos e Cristina Louzán García.
- **Obxectivos:**
 - Achegar as principais correntes de pensamento feminista e contextualizar historicamente as chamadas “ondas do feminismo”.
 - Presentar o pensamento e achegas intelectuais de figuras relevantes na historia do feminismo.
 - Potenciar a reflexión crítica sobre os debates existentes no seo do feminismo.
 - Fomentar a capacidade de aplicar conceptos teóricos á nosa vida cotiá.
 - Crear un espazo seguro de reflexión, onde estean presentes as dinámicas de coidado.
- **Descrición:** neste curso pretendese ofrecer unha aprendizaxe motivada, directa e sinxela, aplicada á realidade e na actualidade do debate feminista. Unha aprendizaxe teórica que nos sirva no noso día a día para entender o mundo e as nosas vivenzas neste.
- **Contidos:**
 - Módulo 1. Introducción: dende onde falamos?, achegamento ao marco teórico conceptual, feminismo ou feminismos, o feminismo pre-moderno.
 - Módulo 2. Os comezos: primeira onda, Olympe de Gouges e Mary Wollstonecraft, primeiros feminismos en América Latina e o Caribe.
 - Módulo 3. Segunda onda: sufraxismo anglosaxón, o sufraxio feminino no estado español, feminismo socialista e anarquista.
 - Módulo 4. Terceira onda: feminismo da igualdade e feminismo da diferenza, feminismo liberal e feminismo radical, feminismos negros, feminismo decolonial/poscolonial.
 - Módulo 5. Cuarta onda: feminismo e posmodernidade (Judith Butler e as teorías queer), feminismo multiculturalista, feminismo en Latinoamérica, feminismo no mundo árabe. Marco internacional dos dereitos: ONU.
- **Duración:** 15 horas en 10 sesións.
- **Calendario:** luns, do 3 de outubro ata o 5 de decembro de 19:00 a 20:30.
- **Acreditación:** entregarase un diploma acreditativo do aproveitamento do curso expedido pola Concellería de Igualdade. Para poder obter este diploma, deberase asistir e ter un aproveitamento do curso de cando menos o 80%.

Inscripción e participación nas actividades

Inscripción previa (con carácter preferente vía telemática).
Grupos con capacidade limitada.
Participación na actividade: condicionada a ter praza confirmada.

Máis información:

Casa das Mulleres
Rúa Romil, 20
986 442 194
casadasmulleres@vigo.org
Luns a venres: 17:30-21:30

Concellería de Igualdade
Praza do Rei 1, 1º andar
986 810 284
ofi.muller@vigo.org
Luns a venres: 9:00-13:30





CASA DAS MULLERES DE VIGO

Programa de actividades setembro-décembro 2022

OBRADOIRO “COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS”

- **Destinado a:** mulleres maiores de 18 anos con coñecementos informáticos básicos.
- **Formadora:** Uxía Cazorla Silva.
- **Obxectivo:** proporcionar as habilidades básicas para o manexo de dispositivos dixitais e o acceso á administración electrónica
- **Contidos:**
 - a) Móbil, tableta e/ou portátil: uso básico de sistema operativo e de actualización do dispositivo; acceso a internet a través de wifi e/ou datos; aplicacións básicas como correo electrónico e whatsapp.
 - b) Administración electrónica: identidade dixital (alta, certificados dixitais); xestións administrativas, sede electrónica de distintas administracións, carpeta cidadá, notificacións electrónicas, etc
- **Duración:** 20 horas en 10 sesións.
- **Calendario:** luns, do 26 de setembro ata o 28 de novembro de 18:30 a 20:30.

OBRADOIRO “FALAMOS?”

- **Destinado a:** mulleres maiores de 18 anos.
- **Formadora:** Marián Prego.
- **Obxectivos:** mellorar a comunicación (oral como corporal), sentirnos cómodas e fluídas á hora de interactuar con outras persoas.
- **Contidos:**
 - Dicción
 - Expresividade oral e xestual
 - Teatro lido e poesía
 - Dramatización de textos
 - Medo escénico
 - Improvisación
 - Faladoiros en grupos
- **Duración:** 20 horas en 10 sesións.
- **Calendario:** mércores, do 28 de setembro ata o 7 de decembro de 18:00 a 20:00 (agás o 12 de outubro por festividade).

Inscripción e participación nas actividades

Inscripción previa (con carácter preferente vía telemática).

Grupos con capacidade limitada.

Participación na actividade: condicionada a ter praza confirmada.

Máis información:

Casa das Mulleres
Rúa Romil, 20
986 442 194
casadasmulleres@vigo.org
Luns a venres: 17:30-21:30

Concellería de Igualdade
Praza do Rei 1, 1º andar
986 810 284
ofi.muller@vigo.org
Luns a venres: 9:00-13:30





CASA DAS MULLERES DE VIGO

Programa de actividades setembro-décembro 2022

CURSO DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PARA PROFESIONAIS

- **Destinado a:** homes e mulleres maiores de 18 anos con perfil profesional nos eidos social e de educación formal e non formal.
- **Formadora:** Cristina Rodríguez Ramos, experta en xénero e igualdade de oportunidades
- **Obxectivo:** facilitar a incorporación da perspectiva de xénero no traballo cotián dentro dos eidos social e educativo.
- **Contidos:**
 - Introducción á perspectiva de xénero. Consecuencias da socialización diferenciada
 - A transversalidade aplicada ao ámbito social e da educación: a coeducación.
 - Elementos clave para a planificación coeducativa: a comunicación (linguaxe e imaxes), materiais didácticos, habilidades sociais.
 - Prevención, detección e orientación no ámbito da violencia machista. Como intervir ante un caso.
- **Metodoloxía e modalidade:**
 - **En liña, a parte teórica** (18 horas) soportada sobre Google Classroom e Google Meet. Estas sesións consistirán na exposición dos contidos, para o que se empregarán documentos, vídeos,...
 - **Presencial, as sesións prácticas** que supoñen unha carga lectiva de 8 horas levaranse a cabo na Casa das Mulleres (r/ Romil, 20).
- **Calendario:**
 - 6 sesións online: 2,3,4,7, 9 e 10 de novembro. De 18:00 a 21:00.
 - 2 sesións presenciais: 11 e 14 de novembro de 17:30 a 21:30 na Casa das Mulleres
- **Acreditación:** Entregarase un diploma acreditativo do aproveitamento do curso. Para poder obter este diploma, deberase asistir e ter un aproveitamento do curso de cando menos o 80%.

ESCOLA FEMINISTA DE EMPODERAMENTO: CREANDO SORORIDADE

- **Destinado a:** mulleres maiores de 18 anos.
- **Formadora:** Cristina Rodríguez Ramos.
- **Obxectivos:**
 - Crear un espazo para o debate, aprendizaxe, reflexión e intercambio de experiencias das participantes.
 - Promover unha comunicación libre de xuízos e prexuízos, onde as mulleres atoparán un clima de confianza no que poderán expresarse e comentar, desde o enfoque de xénero, temas de interese e actualidade, fomentando a súa participación social.
 - Propiciar a sororidade, tecendo redes de apoio e solidariedade entre as participantes.
- **Duración:** 15 horas en 10 sesións.
- **Calendario:** martes, do 27 de setembro ata o 13 de decembro (agás 1 de novembro e 6 de decembro por festividade) de 18:00 a 19:30.
- **Incorporación** aberta durante o período de actividade.

Máis información:

Casa das Mulleres
Rúa Romil, 20
986 442 194
casadasmulleres@vigo.org
Luns a venres: 17:30-21:30

Concellería de Igualdade
Praza do Rei 1, 1º andar
986 810 284
ofi.muller@vigo.org
Luns a venres: 9:00-13:30

